



### XUNTA DE GALICIA SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

#### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

M<sup>a</sup> del Carmen Falcón Leivas solicita de Augas de Galicia a autorización de obras na zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.83213.

As obras solicitadas consisten na explanación e posterior instalación dun invernadoiro de 15x10 metros para almacenaxe e que irá ancorado sobre muro de formigón, na parcela coa referencia catastral 27027C005010560000DS, na zona de policía do rego Batán; no lugar do Batán, parroquia de San Tomé de Lourenzá (San Tomé), no concello de Lourenzá, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o deseche.

Lugo, 9 de agosto de 2022.- O Xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2268

#### CONCELLOS

#### BARREIROS

#### Anuncio

#### CONVOCATORIA PROCESO SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DUN/H.A CONDUCTOR/A DO TRACTOR-DEBROZADORA E LABORES DE DESBROCE E LIMPEZA DE VIAS E ESPAZOS PÚBLICOS. PERSOAL LABORAL FIJO.

O 9 de agosto, por resolución de alcaldía aprobanse as bases para a selección, mediante concurso-oposición, quenda libre, dunha praza de persoal laboral fixo, como conductor/a do tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos, incluída dentro da OEP para este ano 2022, dentro da taxa adicional de estabilización de emprego temporal do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

A continuación publicanse íntegramente as bases en cumprimento do disposto no artigo 97 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local:

#### BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIJO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DUN/H.A CONDUCTOR/A DO TRACTOR-DEBROZADORA E LABORES DE DESBROCE E LIMPEZA DE VIAS E ESPAZOS PÚBLICOS.

#### 1º.- OBXECTO

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación do proceso de selección mediante concurso-oposición, quenda libre, dunha praza de persoal laboral fixo, como conductor/a do Tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos, como persoal laboral fixo.

A contratación deste posto ven marcada polo disposto no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Conductor/a de Tractor-desbrozadora e labores de desbroce e limpeza de vías e espazos públicos.
- b) Grupo de titulación: Asimilado a grupo E/Grupo de cotización 10.
- c) Outras Características:
  - Xornada completa de 37,5 horas semanais. O horario poderá ser de mañás, tardes ou xornada partida, segundo as necesidades do servizo, respectando en todo caso as horas máximas de traballo diarias e as xornadas de descanso fixadas na normativa laboral aplicable en cada momento.
  - Soldo bruto mensual en 14 pagas: equivalente ó salario mínimo interprofesional que corresponda en cada momento.
- d) As funcións do posto de traballo serán fundamentalmente as seguintes:
  - Labores de desbroce mecanizadas utilizando o/os tractor/es e distintas desbrozadoras municipais.
  - Labores esporádicas de desbroce manual e de limpeza de vías e espazos públicos.
  - Outras labores que se podan realizar co tractor e se encomenden polo servizo correspondente,
  - Ocuparse e estar pendente das labores de mantemento, limpeza e coidado dos vehículos e maquinaria ó seu cargo.
  - Calquera outra, directamente relacionada co posto de traballo, que lle poda ser asignada pola persoa responsable.

## 3º.- SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

## 4º.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- 4.1.- Ter nacionalidade española sen prexuízo do establecido no artigo 57 EBEP.
- 4.2.- Posuir capacidade funcional.
- 4.3.- Ten cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de jubilación forzosa.
- 4.4.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial, para o acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.
- 4.5.- Posuir o certificado de escolaridade ou equivalente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.
- 4.6.- Contar con permiso de conducir e vehículo propio ou dispoñible para desprazamentos.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso solectivo haberán de axustarse ao modelo que figura como anexo II desta convocatoria, e poderán solicitarse nas propias oficinas do concello (Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros, Lugo 982124002) ou a través da páxina web municipal [www.concellodebarreiros.gal](http://www.concellodebarreiros.gal)

As instancias poderán presentarse no prazo de **15 días hábiles** contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Poderanse presentar presencialmente no Rexistro do Concello, a través da sede electrónica municipal (<https://barreiros.sedelectronica.es>) ou a través de correo certificado, sempre e cando se remita de forma simultánea por correo electrónico a [secretaria@concellodebarreiros.gal](mailto:secretaria@concellodebarreiros.gal) o xustificante de correos.

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea e do carnet de conducir.
- b) Copia da titulación esixida.
- c) Deberán xuntárselle á instancia copia da documentación que acredite os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuise no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes. IMPORTANTE: non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentar a instancia.

## 6º.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello, na sede electrónica municipal e na páxina web municipal. Na publicación farase constar, se é o caso, as causas que motivaron a sua exclusión.

Os aspirantes excluídos ou omitidos nas ditas relacións disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión nas relacións de admitidos e excluídos. Se no dito prazo non se subsanan os defectos serán definitivamente excluídos da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou subsanacións a lista provisional, elevarase a definitiva.

A Resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo o lugar, data e hora do comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinantes dos prazos a efectos de posibles impugnacións e recursos.

## 7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará composto por cinco membros, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A sua composición axustarase ao previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A súa composición nominal publicarase conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos e a fixación da data do primeiro exercicio.

Os membros dos tribunais deberán abstenerse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requirese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá disponer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaránse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de precepción de asistencias polos membros concurrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzcan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

## 8º.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio darase a coñecer coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

De conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do proceso selectivo, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal e na páxina web municipal, sen prexuízo de que, se o tribunal así o acorda, se podan realizar dúas ou máis probas no mesmo día.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal.

O tribunal poderá acordar dialogar cos aspirantes unha vez realizados os exercicios, co fin de determinar de forma mais detallada os seus coñecementos sobre o contido dos mesmos.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase un acta polo/a secretario/a do mesmo, na que se farán constar as cualificacións dos aspirantes así como as incidencias que se produzcan.

## 9º.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

### 1.- FASE DE CONCURSO

Será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para a admisión ás probas selectivas.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes.

A puntuación máxima que se poderá obter é de 40 puntos.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

Os méritos están establecidos tendo en conta as funcions e tarefas que a persoa seleccionada terá que realizar habitualmente no seu posto de traballo.

● **EXPERIENCIA PROFESIONAL: (31 puntos).**

- Experiencia profesional nos últimos dez anos como conductor de tractor no concello de Barreiros, ata un máximo de 13 puntos. Valorarase a razón de 0,75 puntos por mes completo de servizos.

- Experiencia profesional nos últimos dez anos como conductor de tractor noutros concellos ou outras administracións públicas, ata un máximo de 10 puntos. Valorarase a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos.

- Experiencia profesional en empresas privadas ou de forma autónoma que acredite o uso habitual de tractores agrícolas e maquinaria de desbroce, ata un máximo de 8 puntos. Valorarase a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos.

A xustificación deste apartado farase mediante o **correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral**, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. (**Non se valorararán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes**).

No caso de **autónomos**, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificador de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade realizada e o tempo de duración da mesma.

● **ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS.**

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, directamente relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 9 puntos.

Valorarase a razón de:

- Cursos de ata 49 horas: 1 punto por curso.
- Cursos de 50 a 100 horas: 2 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 3 puntos por curso

Este apartado xustificarase mediante copia do diploma ou certificación da asistencia. Non se valorarán aqueles nos que non veñan claramente especificadas as horas de duración ou haxa dúbidas sobre o contido do mesmo.

**2.- FASE DE OPOSICIÓN.**

A fase de oposición constará dun único exercicio práctico obligatorio, que consistirá en realizar, unha proba práctica co tractor e unha ou varias desbrozadoras para comprobar o dominio das labores a desenvolver posteriormente no posto de traballo.

Este exercicio valorarase cun máximo de 60 puntos, sendo necesario contar cunha puntuación mínima de 30 puntos para consideralo superado.

**COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA:** Consistirá nunha proba oral que se determinará polo tribunal, considerando ó/a aspirante apto/a ou non apto/a. Esta proba será obligatoria para aqueles que non podan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes, sempre e cando tiveran superada a fase de oposición.

**10º.- RELACIÓN DE APROBADOS**

O resultado final do concurso-oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas no primeiro e segundo exercicio, sempre que cada un deles fose superado, e da puntuación obtida na fase de concurso de méritos.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou mais aspirantes, resloverase aplicando os seguintes criterios:

- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a da convocatoria na administración convocante.

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva dos aspirantes aprobados. O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

**11º.- CONTRATACIÓN.**

A alcaldía procederá a acordar a formalización do contrato correspondente coa persoa seleccionada.

**12º.- BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL.**

Constituirase unha bolsa de emprego cos/as aspirantes que superen o proceso selectivo pero que se queden sin praza, para posibles contratacóns temporais relacionadas con este posto de traballo, é dicir, a bolsa de emprego únicamente servirá para cubrir posibles baixas médicas, vacacións, acumulacións de tarefas de ata 6 meses de duración ou outras causas legais de cobertura temporal da praza que puideran resultar necesarias nos dous anos seguintes á finalización do proceso de selección.

No caso de que a praza que agora se cubre quedase vacante por calquera causa, poderá cubrirse temporalmente co persoal que figure na bolsa, pero solo ata que se realice o correspondente proceso selectivo para proveela de forma definitiva co proceso selectivo correspondente.

**13º.- IMPUGNACIÓN**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola lei 39/2015.

**ANEXO I (MODELO DE SOLICITUDE)****SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIJO COMO CONDUCTOR/A DO TRACTOR-DESBROZADORA E LABORES DE DESBROCE E LIMPEZA DE VIAS E ESPAZOS PÚBLICOS.**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_, con endereço a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_;

Número da seguridade Social \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPOÑO:**

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a contratación laboral que se indica.
2. Que coñeo e acepto as bases que rexen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
  - 1.- Fotocopia do DNI.
  - 2.- Fotocopia do carnet de conducir.
  - 3.- Fotocopia do título académico.
  - 4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.
- 5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

**DECLARO baixo da miña responsabilidade:**

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Barreiros, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Sinatura:\_\_\_\_\_

Barreiros, 9 de agosto de dous mil vintedous.- A alcadesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 2269

## BEGONTE

### *Anuncio*

Elevado a definitivo o acordo inicial do Pleno desta Corporación Municipal, de data 17 de xuño de 2022, de aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da dita Ordenanza:

### **ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.**

#### **Preámbulo**

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 57, 15 e seguintes, do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e artigos 20 e seguintes do mesmo texto normativo, en especial o artigo 24.1 do propio corpo normativo, regúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal a **Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos** conforme ao réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza resultantes dun Informe técnico económico preceptivo cuxo método de cálculo e parámetros previstos no mesmo foron declarados conforme a dereito polo Tribunal Supremo citándose, para o efecto, as sentenzas 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º 2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º 489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] e n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre outras, que validan este modelo de Ordenanza e fixan o contido e esixencias da mesma.

**ARTIGO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN:** Veñen obrigados ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de Bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións do mesmo que se dirán, ou que veñan gozando dos devanditos beneficios.

A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa para satisfacer establecida no artigo 24.1.a), do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo aproveitamento especial do dominio público local, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e que ocupen o chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas para o artigo 24.1. c).

**ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE:** Constitúe o feito imponible da taxa, conforme ao artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais do 5 de marzo de 2004, o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, con:

a) **Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que, aos meros efectos enunciativos, defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos do dominio público local non recollidos neste apartado.**

b) **Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.**

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar **instalacións das referidas** que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Para os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público **que se atopen no termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais.**

#### **ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que gocen ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, gas, electricidade, e hidrocarburos, sempre que desfruten ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algúns dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei de Facendas Locais tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar pero que aproveitan, afectando coas súas instalacións, o dominio público local.

#### **ARTIGO 4º.- BASES, TIPOS E COTAS TRIBUTARIAS.**

A regulación das taxas da presente ordenanza será a seguinte: Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1.a) do TRLHL, polo aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas polo devandito aproveitamento especial do dominio público local fixase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, coma se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptados á vista dun informe técnico-económico no que se pon de manifesto o valor de mercado. O devandito informe incorpórase ao expediente para a adopción do correspondente acordo, conforme se establece no artigo 25 do RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin e en consonancia co apartado 1. a) do artigo 24 da Lei reguladora das Facendas Locais, atendendo á natureza específica do aproveitamento especial, resultará unha cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tuberías, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asintan e atravesan bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, minguán con todo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A Cota Tributaria resultará de calcular, en primeiro lugar, a Base Impoñible que vén dada polo valor total da ocupación, chan e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflicte o estudo, á que se aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudo en atención ás prescripcións das normas sobre cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a Base Impoñible, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

A tal fin, e conforme á esixencia do Tribunal Supremo nas Sentencias , por todas , a de 3 decembro de 2020 que motivan esta ordenanza, establecense en atención á xustificación do Estudo, dous tipos impositivos diferentes en atención á intensidade do uso do dominio público local:

a).-O 5% nos aproveitamentos especiais das instalacións tales como caixas de amarre, liñas subterráneas, torres metálicas, apoios, transformadores, depósitos ou outros elementos similares.

b).-O 2,5% no aproveitamento dos restantes elementos tales como liñas aéreas ou cables de transporte de enerxía.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao Informe Técnico-Económico que forma parte desta ordenanza no que coa metodoloxía empregada obtivo e recolleu a cota tributaria en cada caso.

#### **ARTIGO 5º.- PERÍODO IMPOSITIVO E PAGAMENTO.**

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento no aproveitamento especial do dominio público local, casos en que procederá aplicar o prorratoe trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de uso ou aproveitamento especial, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluíndo o trimestre en que ten lugar o alta.

b) En caso de baixas por cesamento na utilización ou aproveitamento especial, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o desfrute do aproveitamento especial ou a utilización do dominio público local a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento ou utilización do dominio público local.

3.Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións do dominio público local prolónguense durante varios exercicios, o pagamento da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

## **ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Alternativamente ao réxime de autoliquidación, se así o desexa o suxeito pasivo, poderá presentar declaración en canto aos elementos e demais para calcular as cotas tributarias. No caso de que o suxeito pasivo non presente autoliquidación no prazo que establece este artigo ou, no seu caso, non presente declaración, por parte da Administración esixirase o pago da taxa mediante notificación das cotas ao suxeito pasivo. As autoliquidacións presentadas polas empresas obrigadas poderán ser obxecto de verificación e comprobación pola Administración Municipal, que practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan

2.- As cantidades esixibles conforme ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado da seguinte forma:

a) Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, xunto coa solicitude de autorización para gozar do aproveitamento especial, presentarase debidamente cumplimentado o impreso de autoliquidación da taxa ou noutro caso aplicarase o parágrafo seguinte.

Alternativamente, se así o prefire o suxeito pasivo, poden presentarse en Secretaría os elementos da declaración ao obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Neste suposto, expedirase un abonaré ao interesado, ao obxecto de que pode satisfacer a cota naquel momento, ou no prazo que proceda, nos lugares de pago indicados no propio abonaré.

b) En supostos de aproveitamentos ou utilizacións xa existentes ou autorizados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilitar o pago, ou no caso de que o suxeito pasivo non achegue datos, unha vez transcorrido o devandito prazo, o Concello levará a cabo a pertinente liquidación e poderá remitir ao domicilio do suxeito pasivo un documento liquidatorio apto para permitir o pago en entidade bancaria colaboradora ou en caixa municipal.

Con todo, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obrigación de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello reservándose este o dereito para aplicar os mecanismos da LXT.

3.- O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, nese caso ordenarase o cargo en conta bancaria durante a última quincena do período de pago voluntario.

En todo o non previsto na presente ordenanza, relativo ás normas de xestión e recadación, ou que contradiga a Lei Xeral Tributaria, estarase ao establecido nesa Lei polo seu carácter xeral.

## **ARTIGO 7º.- NOTIFICACIÓN DAS TAXAS.**

1.- A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos ou utilizacións a que se refire esta ordenanza realizarase ao interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación ou en que se leva a cabo a notificación da liquidación da mesma, se aquela non se presentase.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2.- Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais de forma continuada, obxecto desta ordenanza, que ten carácter periódico, a presentación de autoliquidación ou, en caso de prescindir o suxeito pasivo da súa presentación, de liquidación, terase por notificado, entendéndose desde ese momento o alta no rexistro de contribuíntes. Caso de optar esta Administración polo mecanismo potestativo da notificación colectiva, dita alta seral le notificada ao suxeito pasivo segundo o procedemento legalmente establecido na Lei Xeral Tributaria. A taxa de exercicios sucesivos poderá notificarse persoalmente ao suxeito pasivo, ou colectivamente mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período correspondente que se anunciará neste último caso no Boletín Oficial da Provincia.

3.- As persoas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión ou autorización de aproveitamentos regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa preceptiva, no seu caso, licenza municipal, deberán solicitar a mesma e cumplir os trámites legais que resulten de aplicación, sen que a falta da mesma exímalles do pago da taxa.

4.- Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta ordenanza, ou establecida a mesma, se non se determinou con exactitude a duración da autorización que conlleve o aproveitamento, entenderase prorrogada a efectos desta ordenanza, ata que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos e procédase ao cesamento do aproveitamento.

5.- A presentación da baixa, co consecuente cesamento no aproveitamento, presentado no Concello, surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

En todo o non previsto na presente ordenanza, relativo ás normas de notificación, ou que contradiga a Lei Xeral Tributaria, estarase ao establecido nesa Lei polo seu carácter xeral.

## **ARTIGO 8º.-INFRACCIONES E SANCIÓNS**

En todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, aplicarase o disposto na vixente Lei Xeral Tributaria.

## DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza no seu actual contido, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor para exercicios sucesivos ata a súa modificación ou derogación expresa.

### ANEXO 1:

#### CADRO DE TARIFAS IDENTIFICATIVAS COA COTA TRIBUTARIA PREVISTA NA ORDENANZA.

##### CÁLCULO DA BASE IMPOÑIBLE

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN			VALOR DE LAS INSTALACIONES				VALOR DEL SUELO	VALOR TOTAL	Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5]	BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTORES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	Valor unitario (Euros/Km) [A]	Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000]	Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C]	Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C]					
A1	Línea aérea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Simple Circuito	298.437	298,437	17,704	16,857	0,040	16,897	8,449	149,575	8,449
										Euros/ml	Euros/m2
A2	Línea aérea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Doble Circuito	505.047	505,047	17,704	28,527	0,040	28,568	14,284	252,880	14,284
										Euros/ml	Euros/m2
A3	Línea aérea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Cuádruple Circuito	1.010.096	1.010,096	17,704	57,055	0,040	57,095	28,547	505,405	28,547
										Euros/ml	Euros/m2
A4	Línea aérea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Simple Circuito	266.617	266,617	11,179	23,850	0,040	23,890	11,945	133,534	11,945
										Euros/ml	Euros/m2
A5	Línea aérea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Doble Circuito	451.197	451,197	11,179	40,361	0,040	40,401	20,201	225,824	20,201
										Euros/ml	Euros/m2
A6	Línea aérea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Cuádruple Circuito	970.317	970,317	11,179	86,798	0,040	86,838	43,419	485,384	43,419
										Euros/ml	Euros/m2
B1	Línea aérea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Simple Circuito	160.510	160,510	6,779	23,678	0,040	23,718	11,859	80,392	11,859
										Euros/ml	Euros/m2
B2	Línea aérea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Doble Circuito	213.478	213,478	6,779	31,491	0,040	31,531	15,766	106,876	15,766
										Euros/ml	Euros/m2
B3	Línea aérea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Triple Circuito	247.185	247,185	6,779	36,463	0,040	36,504	18,252	123,729	18,252
										Euros/ml	Euros/m2
B4	Línea aérea de alta tensión. Tensión $123\text{kV} \geq U > 72,5\text{kV}$	Simple Circuito	151.160	151,160	5,650	26,754	0,040	26,794	13,397	75,694	13,397
										Euros/ml	Euros/m2
B5	Línea aérea de alta tensión. Tensión $123\text{kV} \geq U > 72,5\text{kV}$	Doble Circuito	201.042	201,042	5,650	35,583	0,040	35,623	17,811	100,635	17,811
										Euros/ml	Euros/m2
B6	Línea aérea de alta tensión. Tensión $123\text{kV} \geq U > 72,5\text{kV}$	Triple Circuito	232.786	232,786	5,650	41,201	0,040	41,241	20,621	116,507	20,621
										Euros/ml	Euros/m2
B7	Línea aérea de alta tensión. Tensión $72,5\text{kV} \geq U > 52\text{kV}$	Simple Circuito	114.839	114,839	2,376	48,333	0,040	48,373	24,187	57,467	24,187
										Euros/ml	Euros/m2
B8	Línea aérea de alta tensión. Tensión $72,5\text{kV} \geq U > 52\text{kV}$	Doble Circuito	152.736	152,736	2,376	64,283	0,040	64,323	32,162	76,416	32,162
										Euros/ml	Euros/m2
B9	Línea aérea de alta tensión. Tensión $72,5\text{kV} \geq U > 52\text{kV}$	Triple Circuito	176.852	176,852	2,376	74,433	0,040	74,473	37,236	88,474	37,236
										Euros/ml	Euros/m2

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN			VALOR DE LAS INSTALACIONES				VALOR DEL SUELO	VALOR TOTAL	Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5]	BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTORES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	Valor unitario (Euros/Km) [A]	Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000]	Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C]	Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C]	Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E]	Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E]			
C1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Simple Circuito	103.902	103,902	2,376	43,730	0,040	43,770	21,885	51,999	21,885
										Euros/ml	Euros/m2
C2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Doble Circuito	138.190	138,190	2,376	58,161	0,040	58,201	29,101	69,143	29,101
										Euros/ml	Euros/m2
C3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Triple Circuito	160.009	160,009	2,376	67,344	0,040	67,384	33,692	80,052	33,692
										Euros/ml	Euros/m2
C4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Simple Circuito	67.296	67,296	1,739	38,698	0,040	38,738	19,369	33,683	19,369
										Euros/ml	Euros/m2
C5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Doble Circuito	89.503	89,503	1,739	51,468	0,040	51,508	25,754	44,787	25,754
										Euros/ml	Euros/m2
C6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Triple Circuito	103.635	103,635	1,739	59,595	0,040	59,635	29,817	51,853	29,817
										Euros/ml	Euros/m2
D1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Simple Circuito	65.020	65,020	1,739	37,389	0,040	37,430	18,715	32,545	18,715
										Euros/ml	Euros/m2
D2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	77.829	77,829	1,739	44,755	0,040	44,795	22,398	38,950	22,398
										Euros/ml	Euros/m2
D3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	90.117	90,117	1,739	51,821	0,040	51,861	25,931	45,094	25,931
										Euros/ml	Euros/m2
D4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	52.666	52,666	1,534	34,332	0,040	34,373	17,186	26,364	17,186
										Euros/ml	Euros/m2
D5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	70.046	70,046	1,534	45,662	0,040	45,703	22,851	35,054	22,851
										Euros/ml	Euros/m2
D6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	81.106	81,106	1,534	52,872	0,040	52,913	26,456	40,584	26,456
										Euros/ml	Euros/m2
D7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	46.814	46,814	1,517	30,860	0,040	30,900	15,450	23,438	15,450
										Euros/ml	Euros/m2
D8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	62.263	62,263	1,517	41,044	0,040	41,084	20,542	31,162	20,542
										Euros/ml	Euros/m2
D9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	72.094	72,094	1,517	47,524	0,040	47,564	23,782	36,078	23,782
										Euros/ml	Euros/m2

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN			VALOR DE LAS INSTALACIONES				VALOR DEL SUELO	VALOR TOTAL	Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5]	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	Valor unitario (Euros/Km) [A]	Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000]	Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C]	Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C]	Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E]	Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E]		
A1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Simple Circuito	889.446	889,446	0,600	1482,410	0,040	1482,450	741,225	444,735
A2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Doble Circuito	1.729.461	1.729,461	0,600	2882,435	0,040	2882,475	1441,238	864,743
A3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Simple Circuito	889.446	889,446	0,600	1482,410	0,040	1482,450	741,225	444,735
A4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Doble Circuito	172.461	172,461	0,600	287,435	0,040	287,475	143,738	86,243
B1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Simple Circuito	705.740	705,740	0,500	1411,480	0,040	1411,520	705,760	352,880
B2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Doble Circuito	1.178.856	1.178,856	0,500	2357,712	0,040	2357,752	1178,876	589,438
B3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Triple Circuito	1.545.571	1.545,571	0,500	3091,142	0,040	3091,182	1545,591	772,796
B4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123\text{ KV} \geq U > 72,5$ KV	Simple Circuito	664.629	664,629	0,500	1329,258	0,040	1329,298	664,649	332,325
B5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123\text{ KV} \geq U > 72,5$ KV	Doble Circuito	1.109.930	1.109,930	0,500	2219,860	0,040	2219,900	1109,950	554,975
B6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123\text{ KV} \geq U > 72,5$ KV	Triple Circuito	1.455.538	1.455,538	0,500	2911,076	0,040	2911,116	1455,558	727,779
B7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5\text{ KV} \geq U > 52$ KV	Simple Circuito	401.258	401,258	0,400	1003,145	0,040	1003,185	501,593	200,637
B8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5\text{ KV} \geq U > 52$ KV	Doble Circuito	670.100	670,100	0,400	1675,250	0,040	1675,290	837,645	335,058
B9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5\text{ KV} \geq U > 52$ KV	Triple Circuito	1.131.546	1.131,546	0,400	2828,865	0,040	2828,905	1414,453	565,781

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN			VALOR DE LAS INSTALACIONES				VALOR DEL SUELO	VALOR TOTAL	Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5]	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	Valor unitario (Euros/Km) [A]	Valor unitario (Euros/m) [B=A/1000]	Equivalencia por tipo de terreno (m2/ml) [C]	Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C]	Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E]	Valor U. del Suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E]		
C1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV $\geq$ U > 36 kV	Simple Circuito	363.043	363,043	0,400	907,608	0,040	907,648	453,824	181,530
C2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV $\geq$ U > 36 kV	Doble Circuito	606.281	606,281	0,400	1515,703	0,040	1515,743	757,871	303,149
C3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV $\geq$ U > 36 kV	Triple Circuito	1.023.780	1.023,780	0,400	2559,450	0,040	2559,490	1279,745	511,898
C4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV $\geq$ U > 24 kV	Simple Circuito	135.944	135,944	0,400	339,860	0,040	339,900	169,950	67,980
C5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV $\geq$ U > 24 kV	Doble Circuito	227.027	227,027	0,400	567,568	0,040	567,608	283,804	113,522
C6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV $\geq$ U > 24 kV	Triple Circuito	297.718	297,718	0,400	744,295	0,040	744,335	372,168	148,867
D1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV $\geq$ U > 17,5 kV	Simple Circuito	118.212	118,212	0,400	295,530	0,040	295,570	147,785	59,114
D2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV $\geq$ U > 17,5 kV	Doble Circuito	197.415	197,415	0,400	493,538	0,040	493,578	246,789	98,716
D3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV $\geq$ U > 17,5 kV	Triple Circuito	258.885	258,885	0,400	647,213	0,040	647,253	323,626	129,451
D4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV $\geq$ U > 12 kV	Simple Circuito	106.391	106,391	0,400	265,978	0,040	266,018	133,009	53,204
D5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV $\geq$ U > 12 kV	Doble Circuito	177.673	177,673	0,400	444,183	0,040	444,223	222,111	88,845
D6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV $\geq$ U > 12 kV	Triple Circuito	232.997	232,997	0,400	582,493	0,040	582,533	291,266	116,507
D7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV $\geq$ U $\geq$ 1 kV	Simple Circuito	94.570	94,570	0,400	236,425	0,040	236,465	118,233	47,293
D8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV $\geq$ U $\geq$ 1 kV	Doble Circuito	157.932	157,932	0,400	394,830	0,040	394,870	197,435	78,974
D9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV $\geq$ U $\geq$ 1 kV	Triple Circuito	207.108	207,108	0,400	517,770	0,040	517,810	258,905	103,562

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS		VALOR DE LAS INSTALACIONES				VALOR DEL SUELO	VALOR TOTAL	Factor RM=0,5 (Euros/m2) [G=Fx0,5]	BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]
TIPO	INSTALACIÓN	Valor unitario (Euros/Km o Ud) [A]	Valor unitario (Euros/m o Ud) [B=A/1000]	Equivalencia por tipo de terreno [C]	Valor unitario instalaciones (Euros/m2) [D=B/C]	Valor unitario del suelo (Euros/m2) [E]	Valor U. del suelo + Valor U. de instalaciones (Euros/m2) [F=D+E]		
A	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D≤4 pulgadas	49.320	49,320	3,000	16,440	0,040	16,480	8,240	24,720
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
B	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4<D≤8 pulgadas	147.960	147,960	6,000	24,660	0,040	24,700	12,350	74,101
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
C	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8<D≤12 pulgadas	246.600	246,600	6,000	41,100	0,040	41,140	20,570	123,421
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
D	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12<D≤16 pulgadas	345.240	345,240	8,000	43,155	0,040	43,195	21,598	172,781
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
E	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16<D≤20 pulgadas	443.880	443,880	8,000	55,485	0,040	55,525	27,763	222,101
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
F	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20<D≤25 pulgadas	542.520	542,520	10,000	54,252	0,040	54,292	27,146	271,461
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
G	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25<D≤30 pulgadas	641.160	641,160	10,000	64,116	0,040	64,156	32,078	320,781
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
H	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30<D pulgadas	739.800	739,800	10,000	73,980	0,040	74,020	37,010	370,101
		Euros/Km	Euros/m	m2/ml					euros/mL
I	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3.	6.350	6.350,00	100,000	63,500	0,040	63,540	31,770	3177,015
		Euros/ud	Euros/ud	m2/ud					euros/ud
J	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior.	31.750	31.750,00	500,000	63,500	0,040	63,540	31,770	15885,073
		Euros/ud	Euros/ud	m2/ud					euros/ud

**CÁLCULO DA TARIFA**

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN			BASE IMPONIBLE VUELO CONDUCTORES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPONIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]	TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductoresxTipo impositivo vuelo 2,5% ( Euros/ml) [J=H*2,5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=I*5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO ( CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyoxTipo impositivo apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=I*2,5/100]
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)					
A1	Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv	Simple Circuito	149,575	8,449	3,739	0,422	0,211
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A2	Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv	Doble Circuito	252,880	14,284	6,322	0,714	0,357
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A3	Línea aérea de alta tensión. Tensión U≥400 Kv	Cuádruple Circuito	505,405	28,547	12,635	1,427	0,714
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv	Simple Circuito	133,534	11,945	3,338	0,597	0,299
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv	Doble Circuito	225,824	20,201	5,646	1,010	0,505
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
A6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 400>U≥ 220 Kv	Cuádruple Circuito	485,384	43,419	12,135	2,171	1,085
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 220Kv>U> 123 Kv	Simple Circuito	80,392	11,859	2,010	0,593	0,296
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv	Doble Circuito	106,876	15,766	2,672	0,788	0,394
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv>U> 123 Kv	Triple Circuito	123,729	18,252	3,093	0,913	0,456
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV	Simple Circuito	75,694	13,397	1,892	0,670	0,335
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV	Doble Circuito	100,635	17,811	2,516	0,891	0,445
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 123 kV ≥ U > 72,5 kV	Triple Circuito	116,507	20,621	2,913	1,031	0,516
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV	Simple Circuito	57,467	24,187	1,437	1,209	0,605
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV	Doble Circuito	76,416	32,162	1,910	1,608	0,804
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
B9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 72,5 kV ≥ U > 52 kV	Triple Circuito	88,474	37,236	2,212	1,862	0,931
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO I. LÍNEAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN							
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPOSIBLE VUELO CONDUCTO RES (Euros/ml) [H=GxC]	BASE IMPOSIBLE APOYO (Euros/m2) [I=G]	TARIFA ZONA DE VUELO CONDUCTORES Base imponible vuelo de conductoresxTipo impositivo vuelo 2,5% ( Euros/ml) [J=H*2,5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO Base imponible apoyo x Tipo impositivo apoyo 5% (Euros/m2) [K=I*5/100]	TARIFA ZONA DE APOYO ( CON VUELO CONDUCTORES) Base imponible apoyo 2,5%. (Euros/m2) [L=J*2,5/100]
C1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Simple Circuito	51,999	21,885	1,300	1,094	0,547
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Doble Circuito	69,143	29,101	1,729	1,455	0,728
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Triple Circuito	80,052	33,692	2,001	1,685	0,842
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Simple Circuito	33,683	19,369	0,842	0,968	0,484
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Doble Circuito	44,787	25,754	1,120	1,288	0,644
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
C6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Triple Circuito	51,853	29,817	1,296	1,491	0,745
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D1	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Simple Circuito	32,545	18,715	0,814	0,936	0,468
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	38,950	22,398	0,974	1,120	0,560
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	45,094	25,931	1,127	1,297	0,648
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	26,364	17,186	0,659	0,859	0,430
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	35,054	22,851	0,876	1,143	0,571
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	40,584	26,456	1,015	1,323	0,661
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	23,438	15,450	0,586	0,772	0,386
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	31,162	20,542	0,779	1,027	0,514
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	36,078	23,782	0,902	1,189	0,595
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Simple Circuito	444,735	22,237
A2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Doble Circuito	864,743	43,237
A3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Simple Circuito	444,735	22,237
A4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Doble Circuito	86,243	4,312
B1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Simple Circuito	352,880	17,644
B2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Doble Circuito	589,438	29,472
B3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220\text{Kv} > U > 123$ Kv	Triple Circuito	772,796	38,640
B4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123\text{kV} \geq U > 72,5$ kV	Simple Circuito	332,325	16,616
B5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123\text{kV} \geq U > 72,5$ kV	Doble Circuito	554,975	27,749
B6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123\text{kV} \geq U > 72,5$ kV	Triple Circuito	727,779	36,389
B7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5\text{kV} \geq U > 52$ kV	Simple Circuito	200,637	10,032
B8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5\text{kV} \geq U > 52$ kV	Doble Circuito	335,058	16,753
B9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5\text{kV} \geq U > 52$ kV	Triple Circuito	565,781	28,289

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN ( NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
C1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Simple Circuito	181,530	9,076
C2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Doble Circuito	303,149	15,157
C3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV ≥ U > 36 kV	Triple Circuito	511,898	25,595
C4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Simple Circuito	67,980	3,399
C5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Doble Circuito	113,522	5,676
C6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV ≥ U > 24 kV	Triple Circuito	148,867	7,443
D1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Simple Circuito	59,114	2,956
D2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	98,716	4,936
D3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	129,451	6,473
D4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	53,204	2,660
D5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	88,845	4,442
D6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	116,507	5,825
D7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	47,293	2,365
D8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	78,974	3,949
D9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	103,562	5,178

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS			
TIPO	INSTALACIÓN	BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
<b>A</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $D \leq 4$ pulgadas	24,720	1,236
		euros/mL	euros/ml
<b>B</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $4 < D \leq 8$ pulgadas	74,101	3,705
		euros/mL	euros/ml
<b>C</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $8 < D \leq 12$ pulgadas	123,421	6,171
		euros/mL	euros/ml
<b>D</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $12 < D \leq 16$ pulgadas	172,781	8,639
		euros/mL	euros/ml
<b>E</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $16 < D \leq 20$ pulgadas	222,101	11,105
		euros/mL	euros/ml
<b>F</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $20 < D \leq 25$ pulgadas	271,461	13,573
		euros/mL	euros/ml
<b>G</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $25 < D \leq 30$ pulgadas	320,781	16,039
		euros/mL	euros/ml
<b>H</b>	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro $30 < D$ pulgadas	370,101	18,505
		euros/mL	euros/ml
<b>I</b>	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m <sup>3</sup> .	3177,015	158,851
		euros/ud	euros/ud
<b>J</b>	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m <sup>3</sup> o superior.	15885,073	794,254
		euros/ud	euros/ud

Begonte, a 9 de agosto de 2022.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 2270

## COSPEITO

*Anuncio*

### SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

## TEXTO

Logo de aprobar definitivamente o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público para o xeral coñecemento:

### **"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE GARDERÍA INFANTIL"**

#### **Artigo 1: Fundamento e réxime:**

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cospeito establece a taxa pola asistencia e estancia na escola infantil municipal.*

#### **Artigo 2: Feito imponible:**

*O feito imponible está constituído pola prestación dos servicios municipais correspondentes á asistencia e estancia na escola infantil municipal de Feira do Monte, Cospeito.*

#### **Artigo 3: Obxecto:**

*Apróbanse as taxas correspondentes aos servizos prestados na escola infantil municipal do Concello de Cospeito e que figuran no anexo da presente ordenanza.*

*Os referidos prezos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC).*

#### **Artigo 4: Suxeitos pasivos:**

*Teñen a consideración de suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta no centro e, no seu defecto, os/as familiares ou titulares/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.*

#### **Artigo 5: Período impositivo e devengo:**

*O período impositivo coincide co mes natural.*

*O devengo terá lugar no momento do inicio da prestación do servizo.*

#### **Artigo 6: Pagamento:**

*1. O abono das cotas polos servizos educativos e os servizos complementarios, sen prexuízo do establecido no artigo 8 desta ordenanza, realizarase mensualmente, en todo caso nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan, mediante ingreso das cantidades adeudadas polo mes de referencia, nas entidades financeiras colaboradoras e que se indicarán expresamente polos servizos económicos municipais.*

*2. A tal efecto por medio de informe do director/a do centro, que en todo caso será emitido e remitido ó Sr. Alcalde Presidente como máximo nos tres primeiros días de cada mes, se indicarán as variacións nos servizos indicados no presente punto e que afecten ó abono da cota total mensual por nena/o. O informe estará a disposición dos suxeitos tributarios ó efectos de alegacións ou reclamacións sobre os datos nel incluídos.*

*3. A forma de pago preferente será a domiciliación bancaria, debendo os interesados facilitar os seus datos bancarios (CCC), no momento de tramitar a solicitude de alta e ingreso no centro infantil. O efecto subministrarsease modelo oficial.*

*No caso de que o ingreso do neno/a se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente a dito mes ingresarase:*

*a) No caso de domiciliacións bancarias, farase efectiva xunto coa remesa de recibos domiciliados correspondentes ó seguinte mes.*

*b) No caso de ingresos directos en entidades financeiras, nos dez días seguintes a aquel en que se produciu o ingreso do neno/a, previa obtención polo obrigado ao pago do correspondente recibo.*

*4. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.*

*5. Salvo o disposto no artigo 7 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.*

*6. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.*

#### **Artigo 7. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar**

*Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das tarefas determinadas no Anexo desta ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito Anexo.*

*Para os efectos da aplicación do Anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:*

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, viven independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracíons do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracíons do IRPF

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que componen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

#### **Artigo 8. Suspensión temporal da cota**

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións estivais no que o centro educativo permanecerá pechado (preferentemente o mes de agosto, salvo comunicación interna do director/a do centro, no que se modifique o mes de disfrute de vacacións estivais por preferencias no desenvolvimento do servizo educativo).

b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións estivais, o centro permaneza pechado por decisión da Dirección ou por circunstancias persoais ou familiares dos nenos/as non asistan á escola infantil por un período superior a quince días naturais.

A suspensión correspondente ao apartado a) e a parte correspondente ao peche do centro, acordado pola Dirección, do apartado b), realizarase de oficio.

A suspensión correspondente ao apartado b) por non asistencia debido a circunstancias persoais ou familiares dos nenos/as será solicitada ante o Alcalde-Presidente acompañada da xustificación correspondente.

2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso o suxeito pasivo quedará exento de aboar a cota mensual dende o primeiro día do mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro, sempre que a súa solicitude de baixa sea resolta favorablemente polo Director do centro, que en todo caso deberá de ser comunicada ó Sr. Alcalde Presidente ós efectos do seu recoñecemento. A suspensión da cota acadará ata o primeiro día do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o director/a do centro que en todo caso a remitirá ó Sr. Alcalde-Presidente nos primeiros 3 días do mes corrente, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes da reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data da reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Alcalde -Presidente acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

**Artigo 9: Revisión da tarifa:**

O longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas e familiares dos usuarios do centro municipal.

Neste sentido o beneficiario queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ó respecto e que teña efecto en calquera das circunstancias económicas e familiares que afectan ás tarifas contidas na presente ordenanza.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó dia seguinte da súa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos municipal e comenzará a aplicarse a partir do dia seguinte permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO****1. Prezo da atención educativa.**

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste Anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

**2. Prezo por servizos complementarios.****a) Servizo de comedor.**

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizarlo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día. Este prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

**3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar.**

a) Rendas inferiores ao 30 por cento do indicador público de rendas de efectos múltiples, en adiante IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29€.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05€.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €.

4. As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

5. As familias accoledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota.

## 6. Bonificacións

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto 3, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Terán unha bonificación do 100% na **atención educativa** os primeiros, segundos e sucesivos fillos da unidade familiar, nos termos previstos na Disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento"

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Cospeito, 10 de agosto de 2022.- O ALCALDE, Armando Castosa Alvariño.

R. 2313

## Anuncio

O Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o 4 de agosto de 2022, tomou coñecemento da renuncia solicitada por Don Álvaro Puente Seijas ás retribucións económicas vinculadas á adicación parcial do cargo de Concelleiro de Obras e Infraestructuras Xerais, Parques e Xardíns Protección Civil, Xuventude, Medio Ambiente, Medio Rural e Coordinación con Asociacións Veciñais do Concello de Cospeito, cunhas retribucións brutas anuais de 24.000,00 euros.

Cospeito, 10 de agosto de 2022.- O ALCALDE, Armando Castosa Alvariño.

R. 2314

## Anuncio

O Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de agosto de 2022 aprobou inicialmente a relación de bens e dereitos e os seus propietarios afectados polo procedemento de expropiación do Ben de Interés Cultural Castelo de Caldaloba, tamén coñecido como Torre de Caldaloba, restos dunha antiga fortaleza de orixe medieval, situado na localidade de Cospeito (provincia de Lugo, España), no Lugar de A Rabadá, parroquia de San Martiño de Pino, así como o seu entorno polos precedentes históricos e arqueolóxicos.

De conformidade co antedito acordo, declarouse o interese social da expropiación dos bens inmóviles coas referencias catastrais 27015A037003040000SI, 27015A037003030000SX, 27015A03700300000SK, 27015A037005130000SQ e 27015A037005140000SP polo incumprimento do deber de conservación dos bens de interese cultural situados neles (Castelo, murallas, fosos de Caldaloba), de acordo co previsto na Lei 5/2016, de 4 de maio, del Patrimonio Cultural de Galicia, sinalando no seu artigo 51 Interese social para os efectos da expropiación forzosa así como o artigo 37 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, prevé no seu apartado 3 que será causa xustificativa do interese social para a expropiación pola Administración competente dos bens afectados por unha declaración de interese cultural ou perigo de destrucción ou deterioro, ou un uso incompatible cos seus valores.

Considerando o disposto no artigo 9 da Lei de 16 de decembro de 1954, sobre Expropiación Forzosa (LFZ), en relación cos artigos 3.4, 10, 11, 56,60, 101 a 103 do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Considerando o disposto nos artigos 34 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), en relación co sistema de valoracións previsto no Rea Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.

En cumprimento do artigo 19 da Lei de 16 de decembro de 1954, sobre Expropiación Forzosa, faise pública a relación obrante no expediente, dos bens e os seus propietarios cuxa ocupación se considera necesaria ós efectos de expropiación forzosa a fin de que, dentro do prazo de quince días a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio, se poidan presentar as oportunas rectificacións de posibles errores e, no seu caso, alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición de aqueles:

- 27015A037003040000SI. Polígono 37, Parcela 304.

CRU 27010000925460

- Propietarios: D. Pedro Núñez Trigo e M<sup>a</sup> Carmen Núñez Trigo.
- Pola información obtida e referida de lindeiros, dispón da metade da Torre de Caldaloba.
- Superficie catastral 15.328 m<sup>2</sup>, a expropriar na súa totalidade.
- Nela aparece boa parte de fosos e murallas, así como o único acceso dende vía ó Castelo e entorno.
- Considerase necesaria a expropiación da totalidade da finca porque ten a maiores de muros e foxos, a zona onde se sitúa segundo os estudos recibidos, o castro pero ademais o camiño de acceso ó concxunto. Pola disposición de todos estes elementos históricos, e de servizo non se ve posibilidade de expropiación parcial de coherencia coa lexislación e os obxectivos de protección e recuperación que o Concello pretende.

- 27015A037003030000SX. Polígono 37, Parcela 303.

- Propietario: D. Julio Pena Blanco.
- Superficie catastral total 18.750 m<sup>2</sup>. A expropriación 2.387,56 m<sup>2</sup>.
- Sitúase nela parte de foso e muro.
- Considerase neste caso expropiación dunha superficie parcial, tendo en consideración a topografía existente superado o foso e muralla, cunha importante pendente. Deste xeito, coa superficie sinalada, entendese suficiente para os estudos arqueolóxicos e de recuperación. Eses traballos, a futuro serían os que deberían sinalar o interese de ampliar ou non a superficie proposta actual

- 27015A037003000000SK. Polígono 37, Parcela 300.

- Propietario: D. José Pena Blanco.
- Superficie catastral total 6.362 m<sup>2</sup>. A expropriación 1.113,00 m<sup>2</sup>.
- Sitúase nela parte de foso e muro.
- Considerase neste caso expropiación dunha superficie menor, porque tendo en consideración a topografía existente superado o foso e muralla, se produce unha importante pendente ate o nivel do canle fluvial ó pe da mesma. Deste xeito, coa superficie sinalada nesta parte, se entende que é suficiente para realizar estudos arqueolóxicos e de recuperación. Eses traballos, a futuro serían os que deberían sinalar o interese de ampliar ou non a superficie proposta actual.

- 27015A037005140000SP.

Polígono 37, Parcela 514.

- Propietario: D. Julio Pena Blanco.
- Superficie catastral total 83 m<sup>2</sup>, dispoñendo na mesma da metade da Torre (53 m<sup>2</sup>). Aexpropiación a totalidade.
- Sitúase nela a metade da Torre con parte de foxo.
- Considerase neste caso necesaria a totalidade da finca considerando que na mesma se sitúa a metade da Torre.

- 27015A037005130000SQ.

Polígono 37, Parcela 513.

- Propietarios: D. Pedro Núñez Trigo e M<sup>a</sup> Carmen Núñez Trigo.
- Superficie catastral total 72 m<sup>2</sup>, dispoñendo na mesma de metade da Torre (53 m<sup>2</sup>). Aexpropiación a totalidade.

- *Sitúase nela a metade da Torre con parte de foxo.*
- *Considérase neste caso necesaria a totalidade da finca considerando que na mesma se sitúa a metade da Torre.*

Cospeito, 10 de agosto de 2022.- O ALCALDE, Armando Castosa Alvariño.

R. 2315

## LUGO

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2022 (acordo número 4/84), o expediente de suplemento de crédito/crédito extraordinario número 1/2022, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto Refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 8 de agosto de 2022.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2271

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2022 (acordo número 7/104), o expediente de suplemento de crédito/crédito extraordinario número 2/2022, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto Refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 8 de agosto de 2022.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2272

### Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de aprobación definitiva "7/411 Proxecto de obras ordinarias de urbanización y ensanche de vial existente emplazamiento C/Otero Pedrayo-C/Río Sil", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2022, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

**"PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente o "Proyecto de obras ordinarias de urbanización y ensanche de vial existente emplazamiento: c/Otero Pedrayo-c/Río Sil. Lugo", subscrito por don Luis Asorey Daviña e don Víctor Fernández Martínez, cun presupuesto de execución material de 160.000 €, IVE incluído, de conformidade coas determinacións contidas nos informes emitidos polos Servizos Municipais de Enxeñería do 4 de marzo de 2022, de Arqueoloxía do 25 de novembro de 2021 e do 8 de marzo de 2022, e de Arquitectura do 28 de decembro de 2021 e do 1 de abril de 2022, anteriormente transcritos, e que se dan por reproducidas como parte integrante deste acordo, determinacións que deberán ser cumplidas polo interesado durante a execución do referido proxecto, e isto ao amparo do previsto nos artigos 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 226 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

**SEGUNDO.-** Determinánse como condicionantes da aprobación deste proxecto que deberán ser cumplidos polo interesado durante a execución das referidas obras, as descritas nos informes dos Servizos Municipais de Enxeñería do 4 de marzo de 2022, de Arqueoloxía do 25 de novembro de 2021 e do 8 de marzo de 2022, e de Arquitectura do 28 de decembro de 2021 e do 1 de abril de 2022, anteriormente transcritos, e así mesmo os seguintes:

- O prazo de execución deste proxecto será de 6 MESES, contado dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- Determináse como período de garantía das obras ordinarias que se executen ao abeiro do presente proxecto o dun ano a contar da recepción polo Concello das mesmas.
- Deberá comunicarse o inicio das obras ao Servizo de Enxeñería Municipal, así como á Policía Local, para o oportuno seguimento delas.
- Deberá comunicar por escrito o comezo das obras ás empresas de subministro (BEGASA, TELEFONICA, GAS GALICIA, R-GRUPO CABLE, e outras), para facilitar o completamento das súas redes no caso que sexa necesario con antelación á colocación de firmes e pavimentos.
- Requirir ao interesado para que unha vez aprobado definitivamente o devandito proxecto presente neste Concello, con carácter previo ao inicio das obras, fianza polo importe de 16.000 €, correspondente ao 10% do presupuesto de execución material, que ascende á cantidade de 160.000 €, de conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 230 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aprobou o regulamento da Lei do Solo de Galicia.

**TERCEIRO.-** Publicar o acordo de aprobación definitiva do "Proyecto de obras ordinarias de urbanización y ensanche de vial existente emplazamiento: c/Otero Pedrayo-c/Río Sil. Lugo", no Boletín Oficial da Provincia, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aprobou o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

**CUARTO.-** Notifíquesele a presente resolución ao promotor do referido proxecto de urbanización, coa indicación de que esta pon fin a vía administrativa e de que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **un mes** ante a Xunta de Goberno Local, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición."

Lugo, 5 de agosto de 2022.- A Alcadesa, Lara Méndez López.

R. 2318

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMAIS INSTALACIÓNS ANEXASXULLO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 27.07.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de xullo 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 12.08.2022 ata o 12.10.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 2 de agosto de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2273

## PANTÓN

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16-2022 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 07.07.2022, aprobou inicialmente o expediente nº 659/2022 de modificación de crédito 16-2022 do vixente Orzamento Municipal na súa modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

Sometido o acordo ao trámite de información pública e non presentándose alegacións dentro de prazo, elevouse automaticamente a definitivo o acordo inicial.

De conformidade co establecido no artigo 177.2, en concordancia co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, insírese a continuación o resumo da modificación de créditos acordada:

1.- Aplicacións do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, ás que se dota de crédito extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
153/623	Vías públicas	5.650,00 €
	Adquisición cabezal desbrozadora	
	5.000,00 €	
	Adquisición de máquina de herbicida	
	650,00 €	
170/619	Administración Xeral do Medio Ambiente	24.415,00 €
	Acondicionamiento exterior de nave municipal	
	24.415,00 €	
171/609	Parques e xardíns	10.874,44 €
	Construcción de parque infantil	
	10.874,44 €	
171/619	Parques e xardíns	35.000,00 €
	Acondicionamiento de parques infantís	
	20.000,00 €	
	Adquisición e instalación de aparatos biosaudables para adultos	

	15.000,00 €	
312/609	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde	75.000,00 €
	Adquisición de terreo para centro de saúde	
	75.000,00 €	
333/619	Equipamentos culturais e museos	15.000,00 €
	Acondicionamento e mellora de accesibilidade do edificio socio-cultural, multiusos e da Casa do Concello	
	15.000,00 €	

2.- Aplicacións do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, ás que se dota de suplemento de crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
153/619	Vías públicas	89.308,96 €
	Mellora de Camiños Municipais en Atán E Seragude -Atán	
	10.943,77 €	
	Mellora de Camiños Municipais en Vilaxilde-Fontao e Carabelos-Outeiro	
	7.545,78 €	
	Mellora de Camiño Municipal en Ribas de Sil	
	7.319,32 €	
	Control de calidad	
	189,80 €	
	Mellora de camiños municipais en Tribás e Tuiriz	
	15.325,20 €	
	Colocación de Valla en Rúa Xeneral Ramón Fernández Núñez	
	10.000,00 €	

	Mantenimento de vías públicas municipais en Siós, Basillao, Maiorga, Bazal e Seoane	
	37.985,09 €	
161/619	Abastecemento domiciliario de auga potable	36.000,00 €
	Abastecemento en Vilar de Ortelle	
	8.000,00 €	
	Abastecemento en Bazal	
	20.000,00 €	
	Conservación e mantenimento da rede de abastecemento de auga potable en Guitara	
342/619	8.000,00 €	
	Instalacións deportivas	4.277,60 €
	Instalacións de ventiladores no pavillón de Ferreira	
453/619	4.277,60 €	
	Estradas	6.455,25 €
	Mellora da seguridade vial na estrada LU-617-Fase 2	
	6.455,25 €	

3.- Medios ou recursos que van a financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería disponible, procedente do exercicio N-1, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presupuesto de ingresos.

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación de crédito de referencia, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente ou ben recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo; ou ben interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde a precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que puidesen estimar máis conveniente aos seus dereitos.

Pantón, 9 de agosto de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2274

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: ANEXO ÚNICO: SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS.**

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22.07.2022, aprobou inicialmente o expediente nº 726/2022 de modificación do anexo único ás bases de execución do orzamento municipal para o exercicio económico 2022, que é o prorrogado de 2021, denominado “ANEXO ÚNICO: SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS”.

O que se somete a información pública, para os efectos e en cumprimento do que prevé o artigo 177, en relación co 169, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 38, en relación co 20, do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, a fin de que, no termo de quince días contados a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as persoas interesadas ás que se refire o artigo 170.1 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais poidan examinar o expediente de referencia, que se atopa de manifesto nas dependencias da Secretaría-Intervención Municipal, e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas ante o Pleno da Corporación, por algúns dos motivos que se expresan no artigo 170.2 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso de que non se formulen reclamacións durante o período de exposición pública, o referido acordo plenario considerarase elevado automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, de conformidade co que dispón o artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Pantón, a 8 de agosto de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2275

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 17-2022 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22.07.2022, aprobou inicialmente o expediente nº 731/2022 de modificación de crédito 17-2022 do vixente Orzamento Municipal na súa modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

De conformidade co acordo adoptado e co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 169 do mesmo texto legal, expõse ao público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo nas dependencias municipais e presentar reclamacións ante o Pleno.

A modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Pantón, a 8 de agosto de 2022.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2276

**RIBADEO***Anuncio***Expediente nº 2475/2022****Secretaría Xeral. 02****BASES PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN (FUNCIONARIO INTERINO)**

**1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.**- É obxecto das presentes bases a cobertura **temporal** de persoal funcionario desta Corporación con **carácter de interinidad** dado que concorren as seguintes razóns:

Acumulacion de tarefas artigo 10.1d) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro cuxas características son:

Grupo	C
Subgrupo	C2
Escala	Administracion Especial

Subescala	<b>Auxiliar</b>
Clase	<b>Auxiliar</b>
Denominación	<b>Auxiliar electricista</b>
Núm. de vacantes	<b>1</b>
Sistema de selección	<b>Concurso-oposición</b>
Periodo	<b>6 meses</b>

## **2. FUNCIONES DO POSTO DE TRABALLO.**

As funcións obxecto do contrato serán as propias dun axudante electricista municipal. Mantemento, reparación e supervisión das instalacións municipais de alumeadío público e ou en inmobles ou edificios municipais así como dos equipos e aparellos eléctricos existentes. Deberá igualmente prestar o apoio necesario segundo as necesidades do servizo.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación polo interesado.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes. Nas probas selectivas, incluídos os cursos de formación e os períodos de prácticas, estableceranse as adaptacións e axustes razonables de tempo e medios que sexan necesarios para a súa realización polas persoas con discapacidade, sempre que así o solicitasen, a fin de garantir que participan en condicións de igualdade cos demais aspirantes. Estas persoas concorrerán en quenda separada dos demais aspirantes sempre que así se xustificalle para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas.

En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao posto ofertado.

Superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de persoal funcionario ou categorías de persoal laboral das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e que sexan admitidas na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade, poden solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser acreditados debidamente. O órgano convocante acordará dita alteración cando estivese debidamente xustificada, limitándose a realizar na orde de prelación a mínima modificación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

## **3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

**a) Xerais:**Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

### **b) Específicos.**

O Título de Ciclo Medio de Formación Profesional na rama eléctrica ou titulación semellante ou superior.

Carnet de conducir da clase B (turismos) e disponibilidade de vehículo.

É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzcan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadre de persoal vixente do concello.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

#### **4.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-**

##### **A) Fase de oposición:**

###### **1.- Exercicio de idioma galego.**

Común e obligatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nível CELGA 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da língua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen diccionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

A duración da proba será de 10 minutos.

Por cada falta cometida restaranse 0,05 puntos, declarándose non aptos aqueles que cometan 20 faltas ou mais.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO quedando eliminados do proceso selectivo os declarados non aptos.

\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 3 ou superior.

**2.- Proba de coñecementos:** Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre as materias sinaladas no temario que se inserta a continuación.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos. Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos.

**Cualificarse de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.**

Por cada dúas respuestas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha. As respuestas en branco ou non contestadas non descontarán.

**Este exercicio é obligatorio e eliminatorio.**

##### **TEMARIO**

###### **Parte Xeral**

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

###### **Parte específica**

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadroamento.

Tema 6.- O Municipio de Ribadeo. O termo municipal. Parroquias e lugares de interese.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Praias. Eventos culturais ao longo do ano.

Tema 8.- O municipio de Ribadeo. Rueiro municipal. Historia. Patrimonio.

Tema 9.- A Mariña Lucense. Municipios que a conforman.

Tema 10.- A Mariña Lucense. Lugares de interese. Festas de interese.

Tema 11.- A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais. Principios Básicos. Capítulo I.

Tema 12.- A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais. Capítulos II

Tema 13.- A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais. Capítulos III

**B)Fase de concurso:** Cualificarse esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO I destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar las probas da fase de oposición.

Esta fase cualificaráse o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

**Cualificación final:** A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

#### **5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

Os/as interesados/as en participar presentarán instancia dirixida ao Sr.Alcalde do Concello de Ribadeo facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de **DEZ días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**Os sucesivos anuncios en relación con este proceso realizaranse a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)**

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instances debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

-Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

-Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais exixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

-Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

-Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

#### **6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de instances, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de tres días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica da páx. web do concello [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automáticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### **8.- ORGANO DE SELECCIÓN.-**

**Presidente:** Titular: Un funcionario que terá a categoría igual ou superior ao posto obxecto de selección e o seu suplente correspondente.

#### **Vogais:**

Titulares: Tres funcionarios coa categoría igual ou superior ao posto obxecto de selección e os seus suplentescorrespondentes.

#### **Secretario con voz e sen voto:**

Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablón de anuncios do Concello e web municipal aos efectos legais procedentes con antelación suficiente á data de comezo dos exames.

#### **9.- RELACIÓN DE APROBADOS.-**

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

#### **10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

A persoa proposta aportará, dentro do prazo máximo de dous días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.

2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumplido os requisitos para a expedición do mesmo.

3.- Certificado acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.

4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.

7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).

8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obte-lo seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

#### **11. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-**

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado funcionario quedando anuladas todalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer por falsedad na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado funcionario interino deberá tomar posesión no prazo máximo de dez días a contar desde o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

#### **12.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-**

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

**13.- INCIDENCIAS.-**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

**ANEXO I****B) FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.****a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

a.1) Polo tempo de prestación de servizos en posto semellante nunha administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,20 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

**b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.**

b.1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2 puntos:

Cursos de 100 ou mais horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas..... 0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, 9 de agosto de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 2277

SARRIA

*Anuncio*

**NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA**

Mediante decreto 2022-0813 de data 05/08/2022, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse a Andrea Arjones Torres, con DNI \*\*\*\*\*636\*, como funcionaria interina por vacante para cubrir a praza de auxiliar administrativo de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2, adscrita á Biblioteca Municipal (programa 332.1) ata a súa cobertura definitiva conforme ao artigo 10.1.a) do TREBEP, **suxoitándose aos termos e á duración establecida no artigo 10.4 do TREBEP.**

Sarria, 9 de agosto de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2278

*Anuncio*

**NOMEAMENTO FUNCIONARIOS INTERINOS**

Mediante decreto 2022-0747 de data 21/07/2022, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse a Alberto López Quiroga, con DNI \*\*\*\*\*328\*, e a Antonio López Díaz, con DNI \*\*\*\*\*851\*, como funcionarios interinos por acumulación de tarefas conforme ao artigo 10.1.d) do TREBEP, para as prazas de tractoristas, de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Agrupacións Profesionais, adscritas aos servizos de obras

e medio ambiente, permanecendo na praza durante 6 meses, ata o 25 de xaneiro de 2023, ao abeiro do Plan Único de Cooperación aos Concellos 2022.

Sarria, 9 de agosto de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2279

## SOBER

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 8 de agosto de 2022 o expediente de modificación de créditos nº 393/2022 MC 16/2022 TC2, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 34.520,39euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Sober, 8 de agosto de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Gutián.

R. 2280

## VIVEIRO

### *Anuncio*

Por medio da presente exponse ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a ORDENANZA REGULADORA DO USO, CONSERVACION E PROTECCION DOS VIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 5 de abril de 2021. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a Ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

En Viveiro, 8 de agosto de 2022.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 2281

### *Anuncio*

*"Por medio da presente exponse ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles o PLAN ANTIFRAUDE E CÓDIGO ÉTICO DO CONCELLO DE VIVEIRO aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en data 2 de agosto de 2022. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente o Regulamento. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación".*

En Viveiro a 8 de agosto de 2022.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 2282

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) XOVE

### *Anuncio*

#### **EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-0742 DO 11 DE AGOSTO DE 2022 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO OPEN DE PÁDEL SAN BARTOLO 2022**

BDNS (Identif.): 643048

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicáse o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/643048>)

#### **Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquera persoa en idade adulta.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto que estará a disposición do interesado na Oficina de Información Xuvenil e nas instalacións de IG10, S.L., empresa que xestiona o torneo, ubicada en Rúa do Perdouro, 37, Burela (Lugo). Igualmente poderán realizarse inscricóns por teléfono formalizándose posteriormente no momento de xogar o primeiro partido. Do mesmo xeito, a ficha colgarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do concello: <http://xove.sedlectronica.gal>

#### **Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Torneo de padel "San Bartolo", organizado polo Concello de Xove, que se celebrará dos días 29 de agosto a 4 de setembro.

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedlectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

#### **Cuarto. Contía dos premios**

Os premios serán os seguintes:

##### **CATEGORÍAS MASCULINA E FEMININA:**

-Primeiro premio: 320 € parella

-Segundo premio: 180 € parella

-Consolación: 50 € parella

##### **CATEGORÍA MIXTA:**

-Primeiro premio: 225 € parella

-Segundo premio: 125 € parella

-Consolación: 50 e parella

Os premios consistirán en lotes de material deportivo.

En caso de non existir parellas suficientes en alguma categoría, poderán realizarse outras subcategorías.

O orzamento total destinado ao presentes premios poderá ser dividido entre o resto de premios no caso de que alguma categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de participantes.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Pessoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

#### **Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios**

Con carácter xeral, os premios están incluidos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obligado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cessionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

XOVE, 11 DE AGOSTO DE 2022.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 2308

## **MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**

**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE:V/27/01504**

**PETICIONARIO : Carlos Pérez López**

**VERTIDO**

DENOMINACIÓN : Vivienda en Penelas nº22  
 LOCALIDAD : Penelas nº22, Santalla de Arxemil (Santalla)  
 TÉRM. MUNICIPAL : Sarria  
 PROVINCIA : Lugo  
 RÍO/CUENCA : Rego da Filgueira/Pequeño\*\*\*\*\*

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Penelas nº22" - "Carlos Pérez López", con un volumen máximo anual de 248,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separadora de grasas.
- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 9 de agosto de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2283

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE** : V/27/01515  
**PETICIONARIO** : Fernando Burgo Vilanova  
**VERTIDO**  
 DENOMINACIÓN : Vivienda en Piugos  
 LOCALIDAD : Piugos (Santiago) Lugo  
 TÉRM. MUNICIPAL : Lugo  
 PROVINCIA : Lugo  
 RÍO/CUENCA : Toiriz de/Toiriz de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Piugos" - "Fernando Burgo Vilanova", con un volumen máximo anual de 248,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico integrado.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 9 de agosto de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2284

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

##### **EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE** : **V/27/01458**

**PETICIONARIO** : Ángel Baamonde Fernández

##### **VERTIDO**

**DENOMINACIÓN** : Vivienda en Santa María de Alta

**LOCALIDAD** : Santa María de Alta (Santa María)

**TÉRM. MUNICIPAL** : Lugo

**PROVINCIA** : Lugo

**RÍO/CUENCA** : Rego de Fondevila/Marcoi

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Santa María de Alta" - "Ángel Baamonde Fernández", con un volumen máximo anual de 248,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Fosa con filtro biológico.

-Arqueta de toma de muestras.

-Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

Lugo, 9 de agosto de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIO AMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2285

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

##### **EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE** : **V/27/01412**

**PETICIONARIO** : Diputación Provincial de Lugo

##### **VERTIDO**

**DENOMINACIÓN** : Campamento turístico en Augas Mestas

**LOCALIDAD** : Augas Mestas, Augas Mestas (Santiago)

**TÉRM. MUNICIPAL** : Quiroga

**PROVINCIA** : Lugo

RÍO/CUENCA : Sil/Sil

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Campamento turístico en Augas Mestas" – "Diputación Provincial de Lugo", con un volumen máximo anual de 5.161 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Tanque Imhoff.
- Bombeo.
- Lecho bacteriano.
- Arqueta de toma de muestras.
- Dos pozos filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

Lugo, 9 de agosto de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2286

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

##### **EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.**

**EXPEDIENTE** : **V/27/01415**

**PETICIONARIO** : Carlos Barja Rey

##### **VERTIDO**

**DENOMINACIÓN** : Vivienda en Quende nº 5

**LOCALIDAD** : FontepresaQuende (Santiago)

**TÉRM. MUNICIPAL** : Abadín

**PROVINCIA** : Lugo

**RÍO/CUENCA** : Gontán/Gontán

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Quende nº 5" – "Carlos Barja Rey", con un volumen máximo anual de 164,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Fosa séptica con prefiltro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 9 de agosto de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,  
Diego Fompedriña Roca.

R. 2287

---